

# EDUCAR EN VERDE

## RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA



Varios  
Autores



### GUÍA EAS AL AULA. CENEAM, 2024.

Este material é unha proposta para o achegamento, coñecemento e as de posibilidades para traballar un dos eixos prioritarios da LOMLOE e do PAEAS: a educación ambiental para a sustentabilidade. Conectando coa crise ecosocial global que pon en risco a vida do planeta, vendo as alternativas que se presentan e o recoñecido papel e responsabilidade da educación neste escenario á vez que as posibilidades e ferramentas que ofrece o marco legal.


Descárgao en



<https://lc.cx/CHi8vX>

### AO MAR, MADEIRA: UN PERCORRIDO POLO LITORAL GALEGO. CULTURMAR e Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, 2021.

Publicación dixital destinada ao público infantil a partir de seis anos que xira arredor das embarcacións tradicionais de Galicia e do mundo do mar. Contén actividades de carácter didáctico que pretenden dar a coñecer a gran riqueza da nosa frota tradicional e os oficios asociados a ela. Estas actividades poden elaborarse con material de refugallo, sostible e de doado acceso. O título é un antigo refrán que recomenda darlle a cada cousa o que funciona ben nela.



Sheila García  
Prado,  
Ana Seoane  
Suárez

Descárgao en



<https://acortar.link/AjLe0G>



**CEIDA**  
CENTRO DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN  
AMBIENTAL DE GALICIA



**DOMINGO  
QUIROGA**  
CENTRO DE  
DOCUMENTACIÓN



**Deputación  
DA CORUÑA**



para unha  
**TRANSICIÓN ECOLÓXICA**



Abel Esteban,  
J. L. Fdez.  
Casadevante  
Kois, Luis  
González  
(coords.)




**ALIMENTAR EL CAMBIO: GUÍA PRÁCTICA, EXPERIENCIAS Y REFLEXIONES SOBRE COMEDORES ESCOLARES, EDUCATIVOS, SOSTENIBLES Y SALUDABLES.** Libros en Acción, 2019

Esta publicación tenta responder a varias cuestións como de que maneira pódense introducir nun menú escolar alimentos ecolóxicos sen incrementar a cota de comedor, como podemos apoiar e liderar estas transformacións, que recursos existen, e como recuperamos a dimensión educativa dun comedor fortalecendo con iso á comunidade.

En préstamo en  Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

**CLASES AL AIRE LIBRE : UNA GUÍA PARA HUERTOS ESCOLARES.** Kaicron, 2018.

Este libro vincula a educación na natureza e pola natureza, a través dos hortos escolares para fomentar unha visión permacultural destes traballos. As autoras fían dúas correntes de pensamento. A través da historia dos hortos e xardíns escolares, explicando a necesidade de revivilos e deixando espazos onde deixar voar a súa imaxinación e un meticuloso plan orientado ao profesorado desde o nacemento da idea, ata como xestionar o xardín durante as vacacións escolares.



Carolyn  
Nuttall,  
Janet  
Millington

En préstamo en  Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Sandra  
Willauer



### TALLER DE NATURALEZA. MTM, 2020.

Oito talleres creativos para fabricar obxectos a partir de elementos recolleitos na natureza (follas, ramas, cunchas...). Inspirada polos seus paseos, a autora creou actividades sinxelas de facer e explicadas paso a paso. Cada unha contén distintas variantes para darche unha chea de ideas.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Ortigueira](#)

### EL MUNDO DE LAS MONTAÑAS. REVISTA PANTERA nº12. Savanna books, 2024.

A revista PANTERA pretende cultivar o amor pola natureza, a ecoloxía e a preservación do medio ambiente entre o público infantil/xuvenil. O número 12 está adicado ás MONTAÑAS con portada de Vanesa Freixa.

Entre os seus contidos: Volcáns, Covas, Fósiles, Dunas, Seguridade e recolección na montaña.




Cristina  
Camarena  
(coord.)

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Pepe  
Carreiro



### OS HÁBITATS. Bolanda, 2022.

Este libro da biblioteca básica de Os Bolechas, explica como os seres vivos precisan vivir no seu hábitat natural. Sexan humanos, prantas ou animais, pasan os seus días nun lugar adaptado ás súas características e necesidades, posto que fóra del non poden vivir ben ou mesmo poden morrer. Imaxinas un dromedario nun océano? Unha lamprea nun bosque?

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Ourense](#), [Monforte](#), [Cangas](#), [Ordes](#)

### O GRANDE AVIARIO. Antela, 2023.

Esta banda deseñada para cativos achega a historia de dúas nenas Lea e Íar. Xunto a elas viviremos unha aventura divertida, aprendendo o valor da amizade e das aves. Os lugares máxicos e misteriosos son difíciles de descubrir. Esta é a historia de como nós chegamos ao noso, a nosa propia historia onde todo é posible. Estás preparado para soñar e crear? Queres coñecela? Abre o libro... e comeza a ler! .



Eli  
García


En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Neda](#), [Dumbría](#), [Vilalba](#), [Betanzos](#)

Virginia  
Lee Burton



**LA CASITA: SU HISTORIA.** Lata de sal, 2022.

A personaxe principal deste libro é unha casa rural, cun par de xanelas que parecen ollos. A industrialización propia dos anos 40 vese reflectida no libro e a casa pronto se verá rodeada por estradas, edificios, apartamentos e trens, ata que case non se aprecia entre rañaceos e torres de fume, que non lle deixan ver as estrelas. Un clásico da literatura de natureza de grande actualidade.

En préstamo en 

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [A Coruña, Redondela, Porriño, Santiago](#)

**¡SÉ UN ÁRBOL!** Edelvives, 2022.

A autora realiza unha alegación en favor da natureza. Escribe un texto lírico que actúa a modo de álbum e aproxima aos mozos lectores ao coñecemento das árbores e a importancia do seu coidado. As últimas páxinas reúnen unha carta da autora, unha descrición anatómica da árbore e propostas de acción para axudar ao medio ambiente. O despregable ilustrado da súa interior axuda a comprender os grandes parecidos entre humanos e árbores. O prestixioso naturalista, xornalista e escritor Joaquín Araújo escribe o epílogo.



Maria  
Gianferrari,  
Felicia  
Sala (il.)

En préstamo en 

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Vigo](#)

# BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

## FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS DIRIXIDOS A CENTROS EDUCATIVOS

+INFO

<https://bit.ly/2mPg90v>